


Especial contos


Este pasado xoves o noso faladoiro volveu ter unha xornada especial, esta vez dedicada á un xénero ó que se lle teñen atribuído definicións varias ó longo da historia: os contos.


Se ben as temáticas dos contos que os nosos sabios e sabias poden ser ben distintas, o punto en común é que se trata de relatos breves con unha estrutura cerrada e un fío central.



Como primeiro prato, unha das nosas sabias falou do noso galego Rafael Dieste, co seu *Dos arquivos do trasno* (1926). Esta obra é un conxunto de 20 relatos (inicialmente foran 8 os publicados) que xiran arredor da xente galega, tratando temas como a morte, o misterio, a emigración, o paso do tempo, a vida mariñeira... Sen dúbida unha obra que tamén transmite a oralidade propias deste xénero.



Outro dos grandes autores que non podía faltar no noso faladoiro é sen dúbida Edgar Allan Poe, que ademais xa ten saído en máis [dunha ocasión](#). Unha das nosas sabias deleitounos con un exemplar marabilloso dos *Cuentos completos*, unha edición conmemorativa con 69 relatos de Poe e con cada seu prólogo e comentario. Coinciden os nosos sabios e sabias en que Poe ten tido moita influencia en outros escritores ó longo da historia, pois lembremos que foi o creador da novela policiaca, tal e como a entendemos hoxe en día, e tamén un pioneiro da psicoanálise. A nosa sabia, grande coñecedora da vida deste autor, deunos unhas pinceladas das dificultades e circunstancias que rodearon a vida de Poe que, ademais de ben curiosas, son unha clave para entender por qué parte dos seus relatos teñen un carácter autobiográfico que non todos coñecían. E como de contos estamos a falar, pois os clásicos *El gato negro* e *Los crímenes de la calle Morgue*, dous exemplos sublimes moi ben traídos e que mostran o carácter macabro, de terror, misterio que tan ben os definen.





E seguindo con clásicos, a quenda de *Cuentos de Canterbury*, escritos por Geoffrey Chaucer a finais do século XIII e unha das grandes obras da literatura inglesa. Un grupo de peregrinos viaxa á catedral de Canterbury e durante a viaxe cada un vai relatando contos (*El cuento del mercader*, *El cuento del caballero*, *El cuento del médico...*), con una estrutura que lembra moito a outros libros como o *Decamerón*, de Boccaccio. Chaucer transmite así unha temática da época nalgúns relatos orixinais e outros recompilados da cultura popular.

¿E que podemos dicir dos *Relatos escalofriantes* de Roald Dahl? Pois unha das nosas sabias fíxonos gozar con un resumo dun dos relatos: El cordero asado. ¿Como desfacerse da arma dun crime? Pois se a asasina é a muller de un policía, que mellor coartada que matar o marido con unha pata de cordeiro, metela no forno e deixala facerse mentres vai a comprar o resto da cena. Chega a casa, avisa correndo a policía porque o seu marido está morto. O interrogatorio alárgase e ¿se ceamos cordeiro? Con coartada e sen arma do crime. Sublime.



E por último, outro autor do que xa dedicamos faladoiro completo: [Saramago](#) . Unha das nosas sabias tróuxonos *El cuento de la isla desconocida*. Un relato breve, coa linguaxe que caracteriza a Saramago, mais un relato cheo de contido: a porta de un rei que so se abre unha vez o día para pedir peticións, e o protagonista que pide falar co rei en persoa co obxectivo de conseguir un barco para ir en busca da illa descoñecida. E ata aí podemos ler.

Por suposto, este é un xénero que da moito de si, así que entre libro e libro tamén houbo tempo para outras referencias a contos clásicos como *Las mil y una noches*.